

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DA POLICÍA LOCAL DE PONTEVEDRA

"Artigo 1.- Definición e clases de recompensas para membros da Policía Local de Pontevedra.

1.- Sen prexuízo dos premios, distincións, felicitacións ou condecoracións que puidesen ser outorgadas por outras administracións e institucións consonte a normativa establecida, os/as integrantes do Corpo da Policía Local poderán ser recompensados/as polo Concello de Pontevedra por distinguírense notoriamente no cumprimento das súas funcións ou polo mantemento dunha conducta exemplar e a entrega e dedicación nos seus cometidos ao longo da súa vida profesional.

2.- Estas distincións de honra constituirán mérito destacado para a promoción interna e faranse constar nos expedientes persoais do/a interesado/a con traslado ao Rexistro de Policía Local de Galicia.

3.- Sen prexuízo de que se propoña a concesión de distincións a outras administracións ou institucións, os/as membros da Policía Local poderán ser distinguidos/as polo Concello mediante:

- a) Felicitacións persoais.
- b) Medalla ao Mérito Profesional.
- c) Medalla do Corpo da Policía Local.

Artigo 2.- Felicitacións persoais.

1.- As felicitacións teñen por obxecto premiar as actuacións dos/as membros da Policía Local que destaquen notoriamente no cumprimento do seu servizo ou que, polo risco das súas actuacións ou pola eficacia dos seus resultados, se consideren meritorias.

2.- As felicitacións faranse por escrito e con carácter público, e serán obxecto de difusión por orde do corpo e notificación persoal ao interesado.

3.- Corresponde a súa concesión ao Alcalde, previa instrucción de expediente, por proposta razoada da Concellaría Delegada da Área de Protección Cidadá, por propia iniciativa ou a instancia da Xefatura do Corpo.

Artigo 3.- Medalla ao Mérito Profesional.

1.- A concesión da Medalla ao Mérito Profesional outorgaráselles a aqueles/as membros do corpo que durante a prestación do servizo, ou fóra del, realicen algún acto heroico ou xeneroso, con grave risco da súa vida ou que con ese perigo realizaren intervencións difíciles, arriscadas ou que enaltezan altamente a imaxe da Policía Local.

2.- Esta distinción será concedida pola Alcaldía-Presidencia, mediante resolución, logo do expediente instruído á proposta razoada da Concellaría Delegada da Área de Protección Cidadá ou por petición da xefatura do corpo.

Artigo 4 .- Medalla do Corpo da Policía Local.

1.- Serán recompensados/as coa concesión da Medalla do Corpo da Policía Local aqueles/as membros do corpo que polos méritos contraídos no exercicio da súa actividade profesional ou privada, ou polo mantemento dunha conducta exemplar ao longo da súa vida profesional contribuísen notoriamente a enaltecer a imaxe do Corpo de Policía Local.

2.- Esta medalla tamén poderá ser concedida a institucións e persoal que se distinguan pola súa manifesta e permanente colaboración co labor da Policía Local de Pontevedra.

3.- Esta distinción será outorgada polo Pleno do Concello, logo do expediente instruído a proposta da Xunta de Goberno Local, para o que se xuntará a documentación oportuna.

4.- Esta medalla só poderá concederse unha vez ao mesmo funcionario/a, institución ou persoal recompensado.

Artigo 5.- Imposición de recompensas.

O acto de imposición das condecoracións ou entrega de diplomas farase coa relevancia pública e social adecuada, preferentemente no día da festividade do patrón do corpo.

Artigo 6 .- Diploma e rexistro de condecoracións.

1.- A todos/as os/as condecorados/as entregaráselles un diploma no que conste o correspondente acordo de concesión.

2.- O Servizo de Recursos Humanos e Persoal do Concello levará un rexistro das condecoracións e mencións concedidas, coa numeración correlativa. O mesmo servizo daralle traslado destes acordos ao Rexistro de Policía Local de Galicia.

Artigo 7 .- Valoración de méritos.

1.- As devanditas mencións honoríficas valoraranse entre 1 e 5 puntos consonte ao Decreto 204/2000, segundo á seguinte distribución:

a) Felicitacións persoais: 1 punto.

b) Medalla ao Mérito Profesional: 5 puntos.

c) Medalla do Corpo da Policía Local: 5 puntos.

2.- Non se valorarán varias mencións polo mesmo feito.

Artigo 8 .- Recoñecementos internos.

1.- Sen prexuízo dos premios recoñecidos nos anteriores preceptos, establecerase na Policía Local de Pontevedra un rexistro de recoñecementos internos de cada un dos/as compoñentes do corpo.

2.- Os/as mandos responsábeis da unidade cando consideren que algún dos/as axentes realizou un servizo digno ou merecente de recoñecemento interno e constancia, dirixirán á xefatura do corpo unha comunicación motivada ao respecto. Así mesmo deberá procederse á súa valoración por parte da Xunta de Mandos; de maneira que, de ser aceptada, procederáse á súa publicidade interna e anotación no rexistro de recoñecementos internos.

Disposición adicional.- Este regulamento será aplicábel tamén a aquelas actuacións, dedicacións, entrega e conductas exemplares ou notorias que tiveran lugar con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria.- Queda derogado o Título V "premios e distincións" do Regulamento da Policía Local do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 29/5/1991 e todas aquelas disposicións que se opoñan ao contido deste Regulamento de honras e distincións".